



Published on *Eduga* (<http://www.edu.xunta.gal/eduga>)

[Inicio](#) > Os prexuízos lingüísticos cara á lingua galega

Os prexuízos lingüísticos cara á lingua galega

Estudo de caso no alumnado de educación primaria (parte 1)

[Investigación](#) ^[1]

Dra. Pilar Couto Cantero

Facultade de CC. da Educación, Universidade da Coruña

pilar.couto@udc.es ^[2]

Helena Fuentes Mansilla

Máster en DIDES, Universidade da Coruña

helena.fuentesmansilla@udc.es ^[3]

Introdución e obxectivos

O interese deste artigo xorde da actual situación sociolingüística en Galicia, unha comunidade bilingüe onde convive unha lingua maioritaria, o castelán, e outra minoritaria, o galego (Escoriza, 2019). Esta convivencia ten efectos negativos cara ao galego, pois as linguas minoritarias adoitan ser obxectivo de multitude de prexuízos lingüísticos (Bellido, 2018). Neste contexto, a escola convértese nun axente fundamental para o fortalecemento, a transmisión e a continuidade destas linguas ao empregalas como linguas de ensino (VARIOS, 2019).

Esta publicación amosa un achegamento aos prexuízos sobre o galego, tendo como obxectivo xeral analizar o uso e a percepción da lingua galega na etapa de educación primaria. A partir deste, desenvólvense os seguintes obxectivos específicos: comparar os prexuízos lingüísticos do alumnado de segundo e sexto curso de educación primaria e rexistrar información sobre o uso da lingua nas aulas e o modo de impartir docencia en galego.

Bilingüismo e diglosia

A Real Academia Galega define a lingua como «código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras» (Real Academia Galega, s. d., definición 3). Mais a convivencia de linguas nun mesmo territorio pode implicar un conflito.

É no ano 1959 cando o lingüista Charles A. Ferguson establece o termo diglosia, coñecida como diglosia clásica, para explicar situacións nas que se empregan máis dunha variedade lingüística nunha mesma sociedade de fala. Estas variedades deben manter unha relación xenética e deben existir disimilitudes en canto ás funcións, as cales serán de carácter formal ou, pola contra, de carácter conversacional (Ferguson, 1959, citado en Kyriakou, 2019). Partindo desta idea, xorden diferentes teorías lingüísticas que dan outras visións deste fenómeno. Entre elas, cómpre destacar a distinción formulada por Joshua Fishman (1967), quen considera que a convivencia de dúas linguas nun mesmo espazo pode analizarse desde dúas perspectivas en función da conflitividade que supoña. Por iso, este autor, baseándose no concepto acuñado por Ferguson (1959), diferencia bilingüismo de diglosia, sostendo que o primeiro é a capacidade dunha persoa para empregar dúas linguas de xeito versátil mentres que a diglosia posúe unha connotación social (Fishman, 1972, citado en Laime, 2021).

Así, a diglosia implica un conflito, xa que a repartición de funcións non é equitativo entre as linguas que conviven nun mesmo espazo. Escoriza (2021) indica que esta desigualdade supón a utilización de diferentes etiquetas para nomear linguas que comparten un mesmo espazo de uso, ofrecendo exemplos como linguas oficiais, linguas de traballo, lingua propia ou lingua minoritaria. No caso desta última, cómpre destacar a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (1992), un tratado europeo encamiñado a promover, salvagardar e lexitimar esas linguas, e que as define como aquelas que teñen un número inferior de falantes en comparación coas persoas restantes do territorio onde se fala. Cañedo (2022) engade que as linguas minoritarias tamén se deben a unha cuestión de desvantaxe e status diferente.

Nesta clasificación atópase a lingua galega, que sofre unha substitución lingüística por parte do castelán, resultado da diglosia establecida en Galicia (Monteagudo, 2017). Isto provoca unha serie de consecuencias negativas cara ao galego, como os prexuízos ou incluso un sentimento de inferioridade e rexeitamento aos propios sinais de identidade: o «autodio lingüístico» (Campos e Taberner, 2020). Neste ámbito, xorde a normalización lingüística, que ten por meta que a lingua minoritaria gañe terreo nos ámbitos nos que se adoita utilizar a lingua maioritaria, buscando unha situación de normalidade (Malheiro, 2020).

Breve percorrido histórico. O caso da lingua galega

Coa fin de comprender a situación sociolingüística actual en Galicia, cómpre realizar un breve percorrido histórico desde a Idade Media ata a actualidade.

Na Idade Media, do século V ao XV, o galego vive unha etapa de riqueza e de uso oral por parte de todos os estratos sociais, así como na literatura e na sociedade administrativa, científica ou relixiosa, tanto na vida privada coma na pública (O Portal da Lingua Galega, s. d.). Porén, todo torna nos Séculos Escuros, período comprendido entre o século XVI e o XVIII, no que a lingua galega se ve restrinxida á oralidade e o seu uso se limita a unha determinada clase social: as clases populares (Monteagudo, 2020). Así, o castelán convértese na lingua por excelencia nos ámbitos formais, mentres que do galego apenas se rexistran escritos (Boullón, 2017).

No século XIX, comeza o Rexurdimento, movemento caracterizado pola procura da recuperación da lingua galega no ámbito literario, cultural e político, do que Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal foron os seus principais representantes (Marques, 2020). Esta recuperación vese apoiada coa fundación de tres organizacións ao comezo do século XX que procuran un proceso de galeguización cultural: as Irmandades da Fala, o Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos (Nogueira, 2017). Así e todo, coa Guerra Civil establécese en España o réxime franquista (1939-1975), que instaurou políticas lingüísticas que provocaron o desprestixio, o uso sancionado e a total opresión das linguas minoritarias e de calquera cultura diferente á castelá (Taylor, 2022), anulando os avances conseguidos no primeiro terzo do século. Co remate desta ditadura, iniciábase un período de restauración dos dereitos lingüísticos, amparado principalmente na Constitución española (1978), no Estatuto de autonomía de Galicia (1981) e na Lei de normalización lingüística (1983).

Tras a implantación desta normativa, búscase un incremento do uso formal do galego e desenvólvense accións para fomentar actitudes positivas cara a este. Isto lévase a cabo mediante o traballo en competencias lingüísticas, mais non se acadou unha normalización do galego (Monteagudo, 2018). Contéplase, en cambio, unha gran perda de galegofalantes, sobre todo nas novas xeracións procedentes da urbe, e unha das causas é a perda da transmisión xeracional nas familias e nos centros educativos (Loredo e Vázquez-Grandío, 2022).

Situación sociolingüística na provincia da Coruña

Coa fin de afondar na situación sociolingüística actual en Galicia, cómpre analizar os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) do ano 2018, a súa última publicación. Neste apartado, abórdase a información sobre a lingua inicial e habitual da poboación xeral e do intervalo de idade entre 5 e 14 anos da provincia da Coruña.

Lingua inicial e habitual na provincia da Coruña. Poboación xeral

A lingua inicial na meirande parte da provincia da Coruña é o galego, nun 43,38 %, seguido do castelán, nun 31,62 %. Ao ser unha comunidade bilingüe, unha porcentaxe da poboación comezou a falar en ambas as linguas, concretamente o 22,91 %. Tamén se rexistra un 2,09 % no campo «Outras situacións» que inclúe: (1) a lingua galega, a castelá e outras linguas; e (2) outras linguas e lingua de signos (IGE, 2018).

Respecto da lingua habitual, cómpre distinguir entre a lingua na fala e na escrita. En canto á fala, o galego volve ocupar o primeiro posto cun 34,99 % de uso perenne, seguido do castelán cun 26,34 %. Sobre o uso habitual das dúas linguas na fala, o predominio do uso do castelán (20,37 %) gáñalle terreo ao uso do galego (17,53 %). Porén, respecto da lingua habitual na escrita, resulta moito maior o uso do castelán (79,83 %) ca do galego (19 %).

Lingua inicial e habitual na provincia da Coruña. Poboación entre 5 e 14 anos

En canto á lingua inicial, o castelán aparece como primeira lingua aprendida por case a metade das persoas entre 5 e 14 anos (49,50 %), mentres que o galego supón menos dun cuarto da poboación desta idade (18,89 %). Amósase tamén unha situación de bilingüismo na primeira infancia, ao rexistrar tanto o galego coma o castelán como linguas maternas nun 29,21 %.

No caso da lingua habitual, vólvese diferenciar entre a lingua habitual na fala e na escrita. No primeiro caso, o 42,49 % utiliza o castelán sempre, cifra dúas veces superior respecto do uso asiduo do galego (21,43 %). O mesmo ocorre cos niveis estatísticos que tenden ao bilingüismo, observando que o 23,92 % emprega máis castelán ca galego, fronte a un 12,16 % que usa máis o galego ca o castelán. Respecto da lingua habitual na escrita, os resultados son aínda máis distantes: o 20,43 % usa o galego, catro veces menos ca o uso do castelán, que alcanza o 79,57 %.

Os prexuízos lingüísticos como unha das causas da situación sociolingüística actual en Galicia

A situación sociolingüística actual vese reforzada por un proceso de desgaleguización provocado pola perda da transmisión xeracional da lingua, polas políticas lingüísticas ou polos prexuízos que desprestixian o galego (VARIOS, 2020). A adquisición deste tipo de prexuízos comeza a producirse en idades temperás en contextos como a escola (Gamallo, 2022). Debido a que este é o contexto para estudar, efectúase unha selección de xuízos cara ao galego baseada nas contribucións de varios estudos.

Para comezar, existe unha crenza que vincula a lingua galega co rural (Suárez Recouso, 2018), provocando que parte da poboación galegofalante procedente deste contexto leve a cabo un proceso de substitución lingüística a favor do castelán ao mobilizarse á urbe (Iglesias e Acuña, 2021). Isto relaciónase co xuízo que sinala o galego como instrumento de comunicación inútil en ámbitos modernos e, polo tanto, á atribución do seu uso a unha determinada idade: a senectude (Carreira, 2022). Ademais, existe unha idea desta lingua como útil só no ámbito local, negando a súa capacidade de internacionalización ou

restándolle importancia á súa aprendizaxe, considerando máis importantes outras linguas ligadas ao logro profesional como o inglés e o francés (Carreira, 2022).

Partindo do uso das pantallas por parte da mocidade, cómpre deterse en dúas das fontes principais de ocio: a televisión e os videoxogos (Paniagua, 2018). Por unha banda, Vilas (2022) investiga o impacto dos debuxos animados en galego na mocidade e conclúe que os medios de comunicación teñen a capacidade de colaborar «na loita por desbotar prexuízos contra o noso idioma, normalizando o seu uso en ámbitos públicos» (Vilas, 2022, p. 145). Por outra banda, Gamallo (2022) céntrase nas actitudes lingüísticas de alumnado de Vigo e unha das cuestións que cómpre analizar é a validez da lingua nos videoxogos. Rexístranse, ademais, prexuízos lingüísticos estéticos, entre os que se atopa, a pesar de resultar incoherente, atribuír calidades falsamente positivas á lingua como, por exemplo, ser correcta ou fermosa. Ademais, outórgaselles outro tipo de prexuízo estético ás persoas galegofalantes como, por exemplo, a concepción de persoas non intelixentes (Pinto, 2021).


Metodoloxía

A presente investigación realizouse nun colexio público da cidade da Coruña, entre o 27 de marzo e o 21 de abril de 2023 e a mostra está formada por alumnado de segundo curso (n = 39) e de sexto curso (n = 42) de educación primaria. O método escollido é o descritivo, xa que se analiza a presenza dun fenómeno nas persoas estudadas (Ramos-Galarza, 2020): a presenza de prexuízos lingüísticos cara á lingua galega. Empregouse unha metodoloxía mixta co uso de técnicas de recollida de datos cualitativas (a observación) e cuantitativas (o cuestionario). Do total de dez enunciados propostos no cuestionario, analízanse cinco neste artigo e quedan os cinco restantes para unha próxima publicación.

Datos sociodemográficos e uso da lingua do alumnado


Para comezar, cómpre facer referencia aos datos sociodemográficos recollidos. En segundo curso (n = 39), a idade do alumnado atópase entre os 7 e os 8 anos e predomina o xénero feminino (53,8 %) fronte ao masculino (46,2 %). En canto ao lugar de nacemento (figura 9), a meirande parte do alumnado é orixinario da Coruña (79,5 %), mais rexístranse outros lugares. En sexto curso (n = 42), a idade oscila entre os 11 e os 13 anos e o xénero predominante é o masculino (59,5 %), seguido do feminino (31,0 %) e da opción «Prefiro non contestar» (9,5 %). A Coruña volve ser o lugar principal de nacemento (76,1 %) e séguese rexistrando outros lugares (figura 1).

Figura 1. Lugar de nacemento do alumnado




O castelán é a lingua inicial maioritaria do alumnado dos dous cursos (figura 2): en segundo curso nun 61,5 % e en sexto curso nun 81,0 %. Deseguido, atópase o uso do castelán e do galego como linguas iniciais no 25,6 % en segundo curso e no 14,3 % en sexto curso. Non se rexistra o galego como lingua materna en sexto curso, mais si a aprendizaxe doutras linguas no 4,7 %. Ocorre o contrario en segundo curso, onde si hai alumnado que aprendeu a falar en galego (o 12,8 %), pero non noutras linguas.

Figura 2. Lingua inicial do alumnado




No referido á lingua habitual (figura 3), a máis usada é o castelán (no 53,8 % en segundo curso e no 64,3 % en sexto curso). A continuación, atópase a opción «Máis castelán ca galego» nun 35,9 % en segundo curso e nun 26,2 % no último nivel da etapa. En segundo curso, escóllese a opción «Galego» e «Máis galego ca castelán» na mesma medida, nun 5,1 %. En sexto curso, utilízanse outras linguas no 7,1 %, valor que precede ao 2,4 % da opción «Máis galego ca castelán». Non se rexistra uso habitual do galego en sexto curso.

Figura 3. Lingua habitual do alumnado




Na lingua empregada polo alumnado coas amizades (figura 4) obsérvase unha mesma tendencia en ambos os cursos. Primeiro, atópase o castelán, cun 87,2 % de uso en segundo curso e cun 85,7 % en sexto curso. Ségueo a opción «Máis castelán ca galego», en segundo curso nun 10,2 % e en sexto curso nun 14,3 %. Utilízase o galego integramente en segundo curso nun 2,6 %. O resto das opcións non é escollida en ningún caso.

Figura 4. Lingua na amizade do alumnado



Nos fogares da mostra, a lingua predominante volve ser o castelán, nun 69,2 % en segundo curso e nun 64,3 % en sexto curso (figura 5). A opción «Máis castelán ca galego» escóllese no 17,9 % en segundo curso e no 23,8 % en sexto curso. Utilízase a lingua galega en maior medida en segundo curso, nun 7,7 % de forma íntegra e no 5,1 % coa alternativa «Máis galego ca castelán». Estas dúas respostas escóllense por igual en sexto curso cun 2,4 %, curso no que os valores se reparten de forma distinta ao tomar a opción «Outra» no 7,1 %.

Figura 5. *Lingua no fogar do alumnado*



Análise e discusión dos resultados

Presenza de prexuízos lingüísticos cara o galego no alumnado de educación primaria

Coa finalidade de afondar nos prexuízos lingüísticos no alumnado, utilízase o cuestionario, un instrumento cuantitativo adecuado pola súa accesibilidade, a facilidade de cubri-lo rapidamente e o seu carácter non intervencionista (Yaddanapudi & Yaddanapudi, 2019). Este divídese en tres seccións: a primeira sección destínase a obter datos sociodemográficos, na segunda sección procúrase coñecer o uso da lingua e, na terceira, utilízase a escala Likert (Likert, 1932, como se citou en Taherdoost, 2019) para que o alumnado mostre o seu grao de acordo ou desacordo sobre enunciados sobre prexuízos lingüísticos. Para analizar os resultados, emprégase a seguinte etiquetaxe, desde a cualificación máis baixa ata a cualificación máis alta: «Non estou de acordo», R1; «Estou pouco de acordo», R2; «Estou bastante de acordo», R3; e «Estou moi de acordo», R4.


Análise do prexuízo 1 (P1). «Falar galego é útil só dentro de Galicia»

En canto ao P1, o alumnado sitúase entre as opcións R2 e R3. Malia ambos os cursos amosaren porcentaxes similares para as opcións R3 e R4 (figura 6), contestan dun modo diferente á opción R1 (28,2 % en segundo curso e 14,3 % en sexto curso) e R2 (20,5 % en segundo curso e 38,1 % en sexto curso). Aínda así, máis da metade do sexto curso (52,4 %) está en desacordo co P1, fronte o 48,7 % de rexeitamento de segundo curso.

Estes resultados concordan con Carreira (2022) sobre a existencia do prexuízo que limita a función do galego ao ámbito local,

negándoa no resto do estado e internacionalmente. Percíbese unha presenza levemente superior do P1 en segundo curso (51,3 % de acordo) ca no sexto curso (47,6 %). Este descoñecemento sobre a posibilidade de comunicarse en lingua galega noutros territorios evidencia a necesidade de insistir na súa proxección internacional desde os primeiros cursos da etapa.

Figura 6. Percepción do alumnado sobre o P1




Análise do prexuízo 2 (P2). «O galego emprégano as persoas maiores, non se considera unha lingua moderna»

En xeral, é maioritario o sentir contrario á visión do P2 (figura 7). Con todo, cerca dun terzo do alumnado (30,8 % en segundo curso e 38,1 % en sexto curso) amosa unha percepción da lingua cargada de prexuízos. Cómpre destacar que a opción R1 é escollida polo 51,3 % de segundo curso, o que representa un claro rexeitamento deste prexuízo. Esta porcentaxe case dobra á de sexto curso, no que só o 26,2% opta por R1.

A porcentaxe da mostra que amosa acordo co P2 sostén as contribucións de Carreira (2022), quen afirma a existencia do xuízo que nega a vinculación da lingua galega á modernidade e asigna o seu uso á terceira idade. Neste caso, convén resaltar a idade da mostra —entre 7 e 13 anos— e o uso da lingua, sendo o castelán a máis empregada en todos os casos. Os resultados do P2 poden vir determinados polo pouco uso e presenza do galego no alumnado, provocando a negación da lingua asociada á xuventude, ao moderno.


Figura 7. Percepción do alumnado sobre o P2



Análise do prexuízo 3 (P3). «A lingua galega é unha lingua fermosa e doce»


Xeralmente, detéctase conformidade co P3, a cal é maior en sexto curso (81,0 %) ca en segundo curso (71,8 %) (figura 8). De feito, xusto a metade do alumnado do sexto curso (50,0 %) escolle a opción R3, seguido do 31,0 % que elixe a opción R4.

Este enunciado reflicte un prexuízo estético que lle atribúe calidades á lingua relacionadas coa beleza, as cales, segundo Pinto (2021), poden ser subxectivas e culturais. Malia ser verdade que a meirande parte do alumnado está a favor do P3, amosar unha postura en contra pode supoñer unha percepción negativa cara á lingua.

Figura 8. Percepción do alumnado sobre o P3**Análise do prexuízo 4 (P4).** «Considero que o galego non é a lingua adecuada para os videoxogos»


Gran parte do alumnado, sobre todo o de maior idade, cre que o uso do galego nos videoxogos non é adecuado. Así, case a metade de sexto curso (o 42,9 %) amosa o seu acordo co enunciado, unha porcentaxe moderadamente superior á de segundo curso (38,5 %) (figura 9). Non obstante, os resultados para a opción R4 (23,1 % en segundo curso e 31,0 % en sexto curso) indican unha acentuación deste prexuízo coa idade.

Do mesmo xeito ca Gamallo (2022), a través do P4 analízase a percepción da mostra sobre o uso do galego nos videoxogos, a cal, partindo dos resultados obtidos, se caracteriza por ser maiormente negativa. Esta desconformidade podería deberse á pouca oferta de videoxogos en galego que sexan atractivos e actuais. En Devuego (*Base de datos del videojuego español*) rexístrase un total de 45 xogos en galego desde o ano 2000 ata a actualidade, ben en versión orixinal ou traducidos. Ademais, non todos están destinados á idade propia da etapa de educación primaria, xa que se atopan publicacións para a primeira infancia e para a adultez. A pouca presenza do galego neste ámbito supón un distanciamento das novas xeracións da lingua, evidenciando a necesidade de visibilizar as edicións xa existentes e potenciar o seu consumo.

Figura 9. Percepción do alumnado sobre o P4**Análise do prexuízo 5 (P5).** «Considero que o galego non é válido para ver os debuxos animados»

En xeral, só unha quinta parte do alumnado considera que o galego non é válido nos debuxos animados (20,5 % en segundo curso e 19,0 % en sexto curso), fronte ás catro quintas partes que están de acordo co seu uso (79,5 % en segundo curso e 81,0 % en sexto curso) (figura 10).

A pesar de que estes resultados son alentadores, o P5 segue latente nunha parte do alumnado. Partindo do estudo de Vilas (2022), a retransmisión de programas infantís en galego axuda á súa normalización, mais a oferta é cada vez menor, pasando dunha emisión semanal do 41,7 % en 2018 a un 23,6 % en 2021 e a única canle destinada a esta é a TVG2. Isto demostra que é preciso potenciar a visualización de debuxos animados en galego para o seu sustento e difusión.

Figura 10. Percepción do alumnado sobre o P5

O uso da lingua e o modo de impartir docencia en galego na aula

Para coñecer o uso da lingua e o modo de impartir docencia en galego na aula obxecto de estudo, utilízase a observación estruturada, a cal consiste en observar con atención o fenómeno, o feito ou caso e tomar e rexistrar a información para analízala (VARIOS, 2021). Efectúase nunha aula de segundo curso, atendendo ao uso da lingua, á metodoloxía empregada ou a posibles xuízos ou comentarios de cara á lingua galega. Recolleuse información diariamente mediante notas de campo, información que posteriormente se agrupou e sintetizou nun guión de observación.

A lingua empregada pola docente na aula varía segundo a intervención. Cando esta é de índole académica, adáptase ao Decreto 155/2022, isto é, o 50 % das materias en cada lingua cooficial. Na xestión da aula, adáptase á lingua da materia en curso. Aínda así, predomina o castelán cando a dinámica de ensino non está en proceso (por exemplo, á volta do recreo). Entre o profesorado prevalece o castelán e, cando se inclúe o alumnado na conversa, adecúase á lingua da materia en marcha. Ademais, por decisión do claustro do profesorado, as correspondencias coas familias realízanse en galego para promover o seu mantemento. As indicacións escritas na aula son en galego e castelán por igual, e tamén en inglés.

A lingua habitual do alumnado é o castelán e amosa dificultades orais e escritas no uso do galego. Cando a materia o require, é preciso reconducir o idioma con frecuencia, xa que, aínda que cambie ao galego, o alumnado adoita volver ao castelán con facilidade, lingua da que mostra un dominio superior e que parece ser coa que sente máis comodidade. Xeralmente, o alumnado usa o castelán coa docente en situacións informais (por exemplo, para solicitar ir ao servizo). En ocasións utiliza o galego, mais só se o demanda a materia. Entre iguais, a lingua por excelencia é o castelán.

A mestra incide na importancia de falar galego para o seu mantemento. O alumnado emite comentarios a través dos cales se detecta unha perda de transmisión xeracional do idioma. Un alumno indica que na súa familia só falan galego os avós e avoas, hábito non continuado por parte dos proxenitores. Unha alumna engade que, no seu caso, os proxenitores falan entre eles en galego, pero con ela en castelán.

Na aula observada predomina o ensino maxistral, o que supón a escaseza da oralidade por parte do alumnado. Ademais, cando esta se produce e debe realizarse en galego, a mestra emprega técnicas de recondución do idioma como, por exemplo, dicir: «Como dis?», «Non te entendo», «Poderías repetirmo?». Así, o alumnado dáse de conta de forma guiada e non se crea unha situación conflitiva cara ao idioma. Utilízase o libro de texto e aténdese á lingua escrita cando o alumnado acode á docente para recibir unha corrección. Na resolución de dúbidas de vocabulario, detéctase unha diferenza en función do idioma. No caso da lingua castelá, a mestra ofrece unha definición e exemplos mentres que, no caso do galego, adoita traducir ao castelán. Tras detectar unha escaseza de vocabulario en galego, a mestra decide fomentar a súa adquisición a través da visualización de debuxos animados ou do uso da aplicación Plickers. Ademais, crea unha dinámica nomeada «Tres mans, tres palabras»: colócanse tres papeis na entrada da aula con cadansúa man debuxada cunha palabra e, para poder acceder, o alumnado debe chocar a man no papel e dicir en voz alta o termo. En canto á lectura, participase en iniciativas da biblioteca municipal e dispónse dunha biblioteca particular, na que se observa unha oferta desequilibrada entre os libros en galego (23 tomos) e en castelán (50 tomos).

Conclusións e implicacións

A presente investigación amosa un achegamento ao uso e percepción da lingua galega na etapa de educación primaria, contribuíndo á comunidade educativa na detección dunha das principais causas da situación sociolingüística actual en Galicia: os prexuízos lingüísticos. Partindo do obxectivo xeral, pódese determinar que o uso e percepción da lingua galega nesta etapa se caracterizan pola carencia da oralidade e pola presenza de actitudes lingüísticas que supoñen unha desestima cara a esta. En canto aos obxectivos específicos, realízase a comparación entre segundo e sexto curso da devandita etapa e conclúese que este último presenta unha puntuación media máis próxima á conformidade cos enunciados, isto é, unha maior

presenza de prexuízos. Respecto do uso da lingua nas aulas e do modo de impartir docencia en galego, rexístrase unha metodoloxía maxistral e a escaseza de iniciativas que promovan a comunicación e a dinamización do galego.

A análise dos prexuízos lingüísticos presentes no alumnado desta etapa, o uso da lingua e a forma de impartir docencia en galego son aspectos que permiten ampliar información sobre a realidade lingüística nas aulas e, así, poder buscar solucións como o deseño de metodoloxías ou políticas lingüísticas adaptadas.

Aínda así, acháronse unha serie de limitacións. Entre elas, atópase a diversidade cultural do alumnado, o que pode supoñer unha distinción á hora de contestar o cuestionario. Esta pode vir determinada por non existir un mesmo contacto coa lingua e coas concepcións culturais que a envolven ou polo tempo que o alumnado leve inmerso no sistema educativo galego ou español. Outra limitación é a aplicación da observación estruturada nunha soa aula tendo en conta que a mostra de alumnado pertence a un total de catro aulas diferentes, dúas por cada curso educativo. Atendendo a estas limitacións, sería positivo en futuras investigacións considerar a orixe do alumnado, o tempo de estancia no centro educativo e o estudo da transmisión xeracional da lingua. Así mesmo, resultaría de interese realizar entrevistas a profesorado que imparte docencia en lingua galega para afondar nas metodoloxías aplicadas.

Por último, propóñense unha serie de ideas para valorar en futuras investigacións. Sería relevante realizar un estudo lonxitudinal para analizar os prexuízos lingüísticos do alumnado de segundo curso catro anos despois, cando se atope en sexto curso. Tamén sería significativo levar a cabo unha investigación case experimental nunha das aulas usando o cuestionario do alumnado como pretest e postest. Con este mesmo instrumento, poderíase optar por unha metodoloxía experimental nun único curso: unha aula sería o grupo de tratamento e a outra, o grupo de control. Proponse, ademais, a comparación entre centros urbanos e rurais, entre centros urbanos con distinta localización (por exemplo, unha escola de cada provincia galega) ou entre centros na mesma cidade.

Palabras clave: [prexuízos lingüísticos](#) ^[4]
[Educación primaria](#) ^[5]
[lingua galega](#) ^[6]

Bibliografía:

BELLIDO, T. C. (2018). *Estudio de los niveles de uso, valoración y actitudes lingüísticas hacia la lengua asturiana que muestran los futuros maestros. Implicaciones educativas y curriculares* [Tese de doutoramento]. Universidade de Oviedo. <http://hdl.handle.net/10651/49034> ^[7]

BOULLÓN, A. (2017). A edición de textos en Galicia (da Idade Media aos Séculos Escuros). *LaborHistórico* (3:1), 76-92. <https://doi.org/10.24206/lh.v3i1.17108> ^[8]

CAMPOS BANDRÉS, I. O. & TABERNERO SALA, R. (2020). Análisis discursivo de las actitudes hacia la lengua minorizada de los maestros de educación infantil y primaria de la provincia de Huesca. *Anuari de Filologia. Estudis de Lingüística*, 10, 1-27. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7688973> ^[9]

CAÑEDO MARTÍNEZ, C. (2022). Justicia sociolingüística en la educación. *Diseminaciones* (5:10), 7-19. <https://revistas.uaq.mx/index.php/diseminaciones/article/view/691> ^[10]

CARREIRA, S. (2022). Aquí ya solo hablan gallego los del Bloque y los de aldea. A propósito del comportamiento y de las actitudes lingüísticas de la juventud coruñesa. *Boletín Hispánico Helvético*, 39-40, 9-39. <https://edoc.unibas.ch/92307/> ^[11]

ESCORIZA MORERA, L. (2019). Las lenguas oficiales del Estado español en los textos legales, ¿Fomento o reconocimiento del plurilingüismo? *Revista de Lingüística y Lenguas Aplicadas*, 14, 81-89. <https://doi.org/10.4995/rllya.2019.11033> ^[12]

ESCORIZA MORERA, L. (2021). Planificación lingüística y desarrollo de lenguas minoritarias. *RILCE: Revista de Filología Hispánica* (37:2), 547-566. <https://doi.org/10.15581/008.37.2.547-66> ^[13]

FISHMAN, J. A. (1967). Bilingualism With and Without Diglossia; Diglossia With and Without Bilingualism. *Journal of Social Issues* (23:2), 29-38. <https://doi.org/10.1111/j.1540-4560.1967.tb00573.x> ^[14]

GAMALLO VALLADARES, A. (2022). Actitudes lingüísticas do alumnado de Vigo: diferenzas entre centros públicos e privados. *Cumieira. Cadernos de Investigación da Nova Filoloxía Galega*, 7, 67-99. <https://doi.org/10.35869/cumieira.v7.22.3> ^[15]

GONZÁLEZ, A. M., VÁZQUEZ, L. E. & RAMOS, J. M. (2021). La observación en el estudio de las organizaciones. *New Trends in Qualitative Research*, 5, 71-82. <https://doi.org/10.36367/ntqr.5.2021.71-82> ^[16]

IGLESIAS ÁLVAREZ, A. M. & ACUÑA FERREIRA, V. (2022). Fálalle castelán que é o idioma da cidade: a importancia dos contextos no éxito ou fracaso da transmisión familiar do galego. *Estudos de Lingüística Galega* (14:1), 1-23. <https://doi.org/10.15304/elg.14.7382> ^[17]

Instrumento de ratificación de la Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias, hecha en Estrasburgo el 5 de noviembre de 1992. *Boletín Oficial del Estado*, 222, de 15 de septiembre de 2001. [https://www.boe.es/eli/es/ai/1992/11/05/\(1\)](https://www.boe.es/eli/es/ai/1992/11/05/(1))

^[18]

- KYRIAKOU, M. (2019). A Critical Review of The Theory of Diglossia: A Call to Action. *International Journal of Linguistics, Literature and Translation (IJLLT)* (2:5), 334-340. <https://doi.org/10.32996/ijllt.2019.2.5.38> [19]
- LAIME AJACOPA, T. (2021). Plurilingüismo como política sociolingüística en tiempos de diversificación de lenguas oficiales. *WORD* (67:1), 82-93. <https://doi.org/10.1080/00437956.2021.1882065> [20]
- LOREDO, X. & VÁZQUEZ-GRANDÍO, G. (2022). La lengua gallega en el sistema educativo: impacto en las competencias, prácticas y actitudes del estudiantado. *Caracol*, 24, 170-201. <https://www.revistas.usp.br/caracol/article/view/193276/188196> [21]
- MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M. (2022). Lengua, política lingüística y patrimonio cultural y educativo en Galicia. *Cabás*, 27, 95-136. <https://doi.org/10.35072/CABAS.2022.89.92.006> [22]
- MARQUES, T. (2020). O retrato social da Galiza através da poesía: literatura galega no Rexurdimento. *Revista Língua&Literatura* (22:39), 105-118. <https://www.revistas.fw.uri.br/index.php/revistalinguaeliteratura/article/view/3624> [23]
- MONTEAGUDO, H. (2017). Lingua e sociedade en Galicia. *LaborHistórico* (3:1), 14-48. <https://doi.org/10.24206/lh.v3i1.17105> [24]
- MONTEAGUDO, H. (2018). Lingua e sociedade en Galicia: Resumo de resultados 1992-2016. En *Real Academia Galega*. Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.327> [25]
- MONTEAGUDO, H. (2020). Panorama sociolingüístico de Galicia na Idade Moderna. O idioma galego durante os séculos XVI, XVII e XVIII. En R. Álvarez Blanco & E. X. González Seoane (eds.), *Calen barbas, falen cartas: A escrita en galego na Idade Moderna* (pp. 75–115). Consello da Cultura Galega. http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Calen-barbas-falen-cartas.pdf [26]
- MONTEAGUDO, H., NANDI, A. & LOREDO, X. (2020). La transmisión intergeneracional del gallego. *HispanismeS*, 16. <https://doi.org/10.4000/hispanismes.782> [27]
- NOGUEIRA PEREIRA, M. X. (2017). A poesía do tempo das Irmandades na historiografía literaria galega. En Monteagudo Romero, H. & Sánchez Vales, M. D. (ed. lit.), *No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos* (pp. 175-188). Santiago de Compostela: Real Academia Galega. <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/322> [28]
- PANIAGUA REPETTO, H. (2018). El impacto de las pantallas: televisión, ordenador y videojuegos. *Pediatría Integral* (22:4). https://www.pediatriaintegral.es/wp-content/uploads/2018/06/Pediatria-Integral-XXII-4_WEB.pdf#page=24 [29]
- PINTO PAJARES, D. (2021). El españolismo lingüístico en el alumnado de bachillerato de Fuenlabrada. *Revista Española de Lingüística Aplicada* (34:2), 642-670. <https://doi.org/10.1075/resla.19014.pin> [30]
- RAMOS-GALARZA, C. A. (2020). Los alcances de una investigación. *CienciAmérica: Revista de divulgación científica de la Universidad Tecnológica Indoamérica* (9:3), 1-6. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7746475> [31]
- Real Academia Galega. (s. d.). Lingua. En *Dicionario*. <https://academia.gal/dicionario/-/termo/lingua> [32]
- REYNA MUNIAIN, F.; MANTEROLA, I. & NANDI, A. (2019). Educación plurilingüe con lenguas minoritarias en contextos de diáspora y su impacto en las políticas lingüísticas en familias neohablantes: el caso del gallego en Argentina. *Lengua y migración / Language and Migration* (11:2) 107-134. <http://hdl.handle.net/10017/41213> [33]
- SUÁREZ RECOUSO, E. (2018). O conflito lingüístico: un modelo de intervención nunha aula de 1.º de bacharelato. *Cumieira. Cadernos de Investigación da Nova Filoloxía Galega*, 3, 11-33. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6753062> [34]
- TAHERDOOST, H. (2019). What Is the Best Response Scale for Survey and Questionnaire Design; Review of Different Lengths of Rating Scale / Attitude Scale / Likert Scale. *International Journal of Academic Research in Management* (8:1), 1-10. https://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract_id=3588604 [35]
- TAYLOR, M. L. (2022). La diversidad lingüística durante y después del franquismo en España. *The Review: A Journal of Undergraduate Student Research* (23:9), 1-12. <https://fisherpub.sjf.edu/ur/vol23/iss1/9> [36]
- VILAS GONZÁLEZ, S. (2022). A Xeración Xabarín e a normalización da lingua galega. *CUMIEIRA. Cadernos de Investigación da Nova Filoloxía Galega*, 7, 133-164. <https://doi.org/10.35869/cumieira.v7.22.5> [37]
- Xunta de Galicia (n. d.). *A Idade Media - O Portal da Lingua Galega*. www.lingua.gal [38]. <https://www.lingua.gal/o-galego/conhecelo/a-idade-media> [39]
- YADDANAPUDI, S. & YADDANAPUDI, L. N. (2019). How to design a questionnaire. *Indian Journal of Anaesthesia* (63:5), 335-337. DOI: [10.4103/ija.IJA-334-19](https://doi.org/10.4103/ija.IJA-334-19) [40]

Resumo:

Neste artigo abórdase unha das principais causas da situación sociolingüística actual en Galicia: os prexuízos lingüísticos. O obxectivo é analizar o uso e percepción da lingua galega por parte dos aprendices na etapa de educación primaria nunha escola da Coruña, comparando a presenza de prexuízos lingüísticos no alumnado de segundo e sexto curso e rexistrando información sobre o uso da lingua nas aulas e o modo de impartir docencia en galego.

Imaxe portada:



Source URL: <http://www.edu.xunta.gal/eduga/2518/investigacion/os-prexuízos-linguisticos-cara-lingua-galega>

Links

- [1] <http://www.edu.xunta.gal/eduga/secciones-revista/investigacion>
- [2] <mailto:pilar.couto@udc.es>
- [3] <mailto:helena.fuentesmansilla@udc.es>
- [4] <http://www.edu.xunta.gal/eduga/tags/2013>
- [5] <http://www.edu.xunta.gal/eduga/tags/260>
- [6] <http://www.edu.xunta.gal/eduga/tags/539>
- [7] <http://hdl.handle.net/10651/49034>
- [8] <https://doi.org/10.24206/lh.v3i1.17108>
- [9] <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7688973>
- [10] <https://revistas.uaq.mx/index.php/diseminaciones/article/view/691>
- [11] <https://edoc.unibas.ch/92307/>
- [12] <https://doi.org/10.4995/rilya.2019.11033>
- [13] <https://doi.org/10.15581/008.37.2.547-66>
- [14] <https://doi.org/10.1111/j.1540-4560.1967.tb00573.x>
- [15] <https://doi.org/10.35869/cumieira.v7.22.3>
- [16] <https://doi.org/10.36367/ntqr.5.2021.71-82>
- [17] <https://doi.org/10.15304/elg.14.7382>
- [18] [https://www.boe.es/eli/es/ai/1992/11/05/\(1\)](https://www.boe.es/eli/es/ai/1992/11/05/(1))
- [19] <https://doi.org/10.32996/ijilt.2019.2.5.38>
- [20] <https://doi.org/10.1080/00437956.2021.1882065>
- [21] <https://www.revistas.usp.br/caracol/article/view/193276/188196>
- [22] <https://doi.org/10.35072/CABAS.2022.89.92.006>
- [23] <https://www.revistas.fw.uri.br/index.php/revistalinguaeliteratura/article/view/3624>
- [24] <https://doi.org/10.24206/lh.v3i1.17105>
- [25] <https://doi.org/10.32766/rag.327>
- [26] http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Calen-barbas-falen-cartas.pdf
- [27] <https://doi.org/10.4000/hispanismes.782>
- [28] <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/322>
- [29] https://www.pediatriaintegral.es/wp-content/uploads/2018/06/Pediatrica-Integral-XXII-4_WEB.pdf#page=24
- [30] <https://doi.org/10.1075/resla.19014.pin>
- [31] <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7746475>
- [32] <https://academia.gal/diccionario/-/termino/lingua>
- [33] <http://hdl.handle.net/10017/41213>
- [34] <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6753062>
- [35] https://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract_id=3588604
- [36] <https://fisherpub.sjf.edu/ur/vol23/iss1/9>
- [37] <https://doi.org/10.35869/cumieira.v7.22.5>
- [38] <http://www.lingua.gal/>
- [39] <https://www.lingua.gal/o-galego/conhecendo/a-idade-media>
- [40] <http://dx.doi.org/10.4103/ija.IJA-334-19>